

A noite dos animais

O rico e fascinante mundo da imaxinación cóase na casa de Raquel para facer que pase unha noite a soas inolvidable. A súa afección aos debuxos, unido á emoción que sente por estrear un caderno grande, de follas apaisadas, tapas duras e cor vermella xunto cunha caixa de rotuladores que tía Sara lle trouxera da súa última viaxe, fará que sinta como reais algúns acontecementos certamente extraordinarios. Así o caracol ou a bolboreta abandonan o suave papel no que estaban debuxados; un para moverse desconcertado por riba da mesa de cristal, outra para pousarse delicadamente na lámpada do salón. Nun primeiro momento a sorpresa foi maiúscula, logo deixou paso a excitación ao comprender qué estaba sucedendo, para rematar considerando que estaba vivindo unha das noites mai divertidas da súa vida.

A noite dos animais é o título que o seu autor, Agustín Fernández Paz, elixe para contarlles aos nenos como pasa Raquel, unha nena de sete anos, unha noite na casa cando os seus pais se ausentan.

Lección de naturalidade



MARÍA NAVARRO

Toda unha lección de comportamento exemplar da rapaza que, lonxe de sentir medo por quedar soa, amosa unha sorprendente madurez: pre-

para a cea, ponse a debuxar, crea mundos imaxinarios e divírtese como había tempo non facía.

E se unha das funcións da literatura é educar ou transmitir modelos de comportamento ao público ao que vai dirixida a obra, esta noveliña pode ser unha boa maneira de amosar aos pequenos que as cousas han de ser tomadas con toda naturalidade, que de todas as situacións podemos tirar conclusións positivas, que os momentos divertidos poden estar na mente de cada un ou que, ás veces, resulta moi interesante atoparse só para disfrutar do que nos rodea. Así sabemos que non son necesarios nin tantos aparellos que limitan, a miúdo, a creatividade, nin tampouco son imprescindibles moitas das cousas que nos presentan como tales.

Unha vez máis o didacticismo que soe aparecer na obra agustiniá está presente tamén nesta historia, unha historia que gustará polo contido e pola forma de expresión sinxela e coidada.

FERNÁNDEZ PAZ, A., *A noite dos animais*, Ed. Galaxia, Vigo, 2005, 53 páxinas

